

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 14 de decembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de decembro do ano dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1656).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica :

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 285/2012. Demandante: D. ALFREDO CABALEIRO BESADA. Obxecto: Desestimación presunta, reclamación salarial. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7607/111.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 289/2012. Demandante: D^a M^a CARMEN VILLANUEVA GONZALEZ e outro. Obxecto: accidente vehículo. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7605/111.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 282/2012. Demandante: D. FRANCISCO R. FRANCO ALVAREZ. Obxecto: danos en vivenda. Sentenza firme que estima o recurso. Expte. 7611/111.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 262/2012. Demandante: CONENUR S.L. Obxecto: accidente impacto colector RSU. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7618/111.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 257/2012. Demandante: D. JESUS A. FERREIROS CONDE. Obxecto: Desestimación presunta, sanción de tráfico. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7657/111.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 194/2011. Demandante: FCC. S.A. Obxecto: revisión ordinaria prezos contrato RSU. Sentenza desestimatoria. Apelación 4378/2012, TSXG, sala C-A, secc. 2^a. Desestima a apelación do contratista FCC. Expte. 6704/111.

g) Sentenza do Xulgado de 1^a Instancia nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 564/2012. Demandante: MODERMUSIC TV S.L. Obxecto: responsabilidade por incumprimento de contrato. Este acto que non é firme, inadmite a demanda por falta de xurisdición. Expte. 7475/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

2(1657).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 951/11, 1043/23, 955/15, 928/13, 632/06 E 38/25.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 27, 28 de novembro e 4 de decembro, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D. Angel González Piñeiro. Expte. 951/11.
- D^a M^a Carmen López Rodríguez. Expte. 1043/23.
- D. Antonio López Ballesteros. Expte. 955/15.
- D. Benito Veloso Álvarez. Expte. 928/13.
- D^a Mercedes Comesaña Comesaña. Expte. 06/632/301.
- D^a Margarita Teijeiro González. Expte. 25/38/301.

3(1658).- DÁSE CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE SETEMBRO A NOVEMBRO 2012. EXPTE. 79692/301.


Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de setembro a novembro de 2012

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
09/10/12	MANTEMENTO DE UBAS	2120000	201200062127	3.000,00	VARIOS
28/11/12	OBRAS REPARACIÓN NO ALBERGUE MUNICIPAL	2120000	201200075890	9.433,16	MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN Y SERVICIOS
2200100	ADQUISICIÓN LIBROS E OUTRAS PUBLICACIONES	2200100	201200068747	400,00	VARIOS
19/09/12	COMBUSTIBLES E CARBURANTES	2210300	201200057453	4.000,00	VARIOS
28/11/12	CORREOS E MENSAXERIA	2230000	201200075892	4.000,00	VARIOS
23/10/12	REUNIÓNS E CONFERENCIAS	2260600	201200063861	167,30	SECURITAS, S.A.
19/11/12	ACTIVIDADES DE MAIORES	2260902	201200070101	2.500,00	VARIOS
15/10/12	ACTIVIDADES OCIO E TEMPO LIBRE INFANCIA	2260907	201200061426	18.000,00	ASOC. ABERTAL
28/11/12	AVALIACIÓN TÉCNICA DE 15 VIVENDAS	2279900	201200075891	4.900,50	ORLANDO ABILDUA CAPETILLO
13/11/12	OBRADOIRO DE INFORMACIÓN ALUMNADO PREVENCIÓN DROGODEPENDENCIAS	2279908	201200069098	2.100,00	ASOC. ERGUETE
26/11/12	CHARLAS FORMATIVAS FAMILIAS	2279908	201200069098	250,00	ASOC. ERGUETE
26/11/12	OBRADOIRO PREVENCIÓN DROGAS	2279908	201200071404	300,00	ASOC. ERGUETE
26/11/12	TRALLERES PREVENCIÓN DROGAS	2279908	201200071405	5.400,00	ASOC. ALBORADA
26/11/12	PROGRAMAS PREVENCIÓN DROGAS	2279908	201200071406	2.100,00	ASOC. MADRO
26/11/12	PROGRAMAS PREVENCIÓN DROGAS	2279908	201200071407	1.800,00	ASOC. MADRO
26/11/12	CHARLAS PREVENCIÓN DROGAS	2279908	201200071408	1.175,00	ASOC. MADRO
27/11/12	REDUCCIÓN RISCOS EN POBOACIÓN DROGODEPENDENTE	2279908	201200075833	6.000,00	FUNDACION ERGUETE
07/11/12	DESEÑO GRAFICO CAMPAÑA SENSIBILIZACIÓN	2279909	201200068745	4.235,00	JAVIER ABALO IBARLUCETA
07/11/12	GASTOS PUBLICIDAD, TEATRO AUDITORIO PROGR. SENSIBILIZACIÓN	2279909	201200068746	8.500,00	VARIOS
19/11/12	EDUCACION PARA A SAUDE	2279909	201200070100	11.200,00	MÉDICOS DO MUNDO
19/11/12	ACTIVIDADES PERSOAS CON DISCAPACIDADE	2279909	201200070102	2.000,00	VARIOS
27/11/12	GASTOS MUDANZA PISO VIA	2279913	201200075834	550,00	VARIOS
13/11/12	TALLERES HABILIDADES	2279917	201200069544	15.730,00	MARCELA CLAUDIA D

4(1659).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS, FORMIGÓN, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E FERRETERÍA. EXPTE. 65970/250.

Á vista das actuacións da Mesa de Contratación, reunións dos días 28-11-2012, 05-11-2012 e 10-12-2012 e do informe do enxeñeiro xefe de Vías e Obras de 07-12-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación da subministración de formigóns, áridos, materiais de construción e materiais de ferretería (exped 65970-250 no seguinte orde decrecente:



Segundo.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, Transportes Pablo Val, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
 - Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

5(1660).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA PARA O PROGRAMA “SUSTAINABLE URBAN MOBILITY”. EXPTE. 8966/77.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación, sesión do 7-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de asistencia para o proxecto INTERREG IV C "Sustainable Urban Mobility" (SUM PROJECT) (expediente 8966-77) no seguinte orde decrecente:

1.METODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.: con una puntuación de 95 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, METODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resguardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

6(1661).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DA DOTACIÓN E CARROZADO DUN BUL PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 2669/213.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación de data 11-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda.

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación da subministración da dotación e carrozado dun BUL para o servizo de extinción de incendios (expediente 2669-213):

1. INCIPRESA, S.A.U.: con una puntuación de 94 puntos
2. ITURRI, S.A.: con una puntuación de 81,95 puntos

Segundo.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, INCIPRESA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Requiritr á empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 683,54 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

7(1662).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A FUNDACIÓN ALDABA. EXPTE. 4292/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 05-12-2012, do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos os informes da coordinadora do servizo de Infancia e Familia e da Intervención Xeral de datas 29 de novembro e 4 de decembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Fundación Aldaba. a garantía de 19.006 euros constituída para responder do servizo dun dispositivo de atención á infancia e familia para o Concello de Vigo, xa que os servizos executados conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

8(1663).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A MOYCOSA. EXPTE. 4283/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-12-2012, do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos os informes do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns e da Intervención Xeral de datas 20 e 26 de novembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MOYCOSA, S.A. a fianza de 16.949,15 euros constituída para responder da subministración de bancos, papeleiras e bolardos xa que foi recibido mediante acta de 30 de decembro de 2010 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

9(1664).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A MOYCOSA. EXPTE. 4284/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-12-2012, do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos os informes do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns e da Intervención Xeral de datas 20 e 26 de novembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MOYCOSA, S.A. a fianza de 938,59 euros constituída para responder da subministración de xogos para parques infantís, lote IX xa que foron recibidos mediante acta de 31 de decembro de 2009 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

10(1665).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A UTE ACT-VIMAC. EXPTE. 4259/241.
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-12-2012, do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos os informes do xefe de Fomento e da Intervención Xeral de datas 21 e 23 de novembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a UTE ACT SISTEMAS, S.L.-VIMAC, S.A. a fianza de 47.921,55 euros constituída para responder das obras de mellora de saneamento en Vigo xa que foron recibidas mediante acta de 3 de decembro de 2007 e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

11(1666).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A AUTOMOTO. EXPTE. 4299/241.
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-12-2012, do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos os informes do xefe do Parque Móbil e da Intervención Xeral de datas 23 e 28 de novembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a COMERCIAL AUTOMOTO, S.A. a fianza de 2.529,37 euros constituída para responder da subministración de tres vehículos patrulla para a Policía Local xa que o subministro foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

12(1667).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A AUTOMOTO. EXPTE. 4298/241.
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-12-2012, do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos os informes do xefe do Parque Móbil e da Intervención Xeral de datas 23 e 28 de novembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Comercial Automoto S.A. a garantía por unha contía de 846,24 euros, constituída para responder da subministración de un vehículo patrulla para a Policía

Local, recibido conforme ó Prego de Cláusulas Administrativas que rexeu a contratación e a oferta presentada, así como por ter transcorrido o prazo previsto.

13(1668).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A., POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL. EXPTE. 11790/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 30-11-12, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e pola concelleira de Economía e Facenda, visto o informe da Intervención Xeral Municipal o 7-12-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva polo gasto que figura na factura nº 000-141 que se achega ao expediente, por un importe total de 22.764,40 € (vintedous mil setecentos sesenta e catro euros con corenta céntimos), a favor de Joyería Ramón Fernández, S.A. co CIF: A36659746 que deben ser imputados á partida orzamentaria 3410.226.09.02 “Adquisición de Trofeos”, do orzamento da concellería de Deportes para o presente exercicio económico.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de Joyería Ramón Fernández, S.A., CIF: A36659746, por un importe total de 22.764,40 €, en concepto de subministro da copa conmemorativa en prata co gallo da disputa do Trofeo Cidade de Vigo, en agosto 2012, con cargo á partida 3410.226.09.02 “Adquisición de Trofeos”.

Terceiro.- Pagar a Joyería Ramón Fernández, S.A., CIF A36659746, a factura nº 000141, que se achega ao expediente, por un importe total de 22764,40 € (vintedous mil setecentos sesenta e catro euros con corenta céntimos), con cargo á partida 3410.226.09.02 “Adquisición de Trofeos” do orzamento municipal da Concellería de Deportes para 2012.

14(1669).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE HOSTELERÍA DE VIGO (AHOSVI). EXPTE. 9250/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 22.11.2012, conformado polo concelleiro-delegado da Área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 28.11.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 7.12.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a **ASOCIACIÓN DE HOSTELERÍA DE VIGO (AHOSVI)**, con CIF: G36893956.
2. Autorizar o gasto de **30.587,64 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de

Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.

3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Mariano Martínez Mier, como Xerente da Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI), con CIF: G36893956, e enderezo social en Rúa Prace, 15 baixo, 36202 Vigo, Representación que acredita con certificado dos acordos da Xunta Directiva da entidade de data 19/09/2012, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sindicais de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI), conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Fomentar o turismo na cidade de Vigo
- A promoción de Vigo no resto do territorio español (mesmo fóra das súas fronteiras) encamiñada a lograr a excelencia turística para que Vigo logre situarse no mapa mundial, non só pola súa riqueza social, cultural, empresarial, política e económica, senón tamén pola súa riqueza turística, resultado da calidade dos servizos que os establecementos hoteleiros prestan aos seus clientes.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas e das empresas do sector dos hoteles pola Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI), impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación e o coñecemento de profesións relacionadas co sector hosteleiro e das habilidades necesarias para a mellora da empregabilidade, así como a adquisición de experiencia laboral en empresas do sector asociadas a federación.

V.- Que a Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI), o Concello de Vigo e a dita Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI) convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI), comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

1. Posta en marcha dun "Observatorio Turístico de Vigo".
2. Creación dunha "Bolsa de Traballo" no sector hoteleiro.
3. Mellorar e realizar "Formación de turística para persoal de establecementos hoteleiros".
4. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
5. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
6. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
9. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI)
3. Conceder directamente á Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI) unha subvención total por importe de **30.587,64 €** (29.687,64 € de custes salariais e de formación e 900,00 € destinados a custes engadidos para o desenvolvemento das accións) con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- 1.- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- 2.- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- 3.- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
2. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI).

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluíra a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 29 de novembro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación de Hostelería de Vigo (AHOSVI) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

15(1670).- MODIFICACIÓN DO IMPORTE DAS ANUALIDADES DO CONTRATO DE SERVIZOS DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 947/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 2.12.2012, conformado polo concelleiro delegado da área de Fomento, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 7.12.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Modificar as anualidades do contrato dos servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construción e demolición xerados polo Taller do Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo, coa minoración do crédito previsto para o ano 2012 en 40.000,00 €, e procedendo o aumento de dito importe para o período do 01/01/2013 ao 05/03/2013, en base a seguinte distribución:

- cantidades vixentes ata hoxe:

- ▣ anualidade 2012, do 06/03/2012 ao 31/12/2012 por importe de 100.000 €.
- ▣ anualidade 2013, do 01/01/2013 ao 05/03/2013 por importe de 20.000 €.

- Adecuación importes modificados:

- ▣ anualidade 2012, do 06/03/2012 ao 31/12/2012 por importe de 60.000 €.
- ▣ anualidade 2013, do 01/01/2013 ao 05/03/2013 por importe de 60.000 €.

16(1671).- RECOÑECIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO EN EXECUCIÓN DOS ACORDOS PLENARIOS DE DATA 25.06.2012. EXPTE. 15/142 E 16/142:

- a) Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de ANTALSIS. Expte. 11328/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes emitidos pola titular da Asesoría Xurídica con data 19 de xullo, e polo interventor xeral con data do 25 de setembro de 2012, de acordo co informe-proposta emitido polo director deportivo do IMD, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Declarar a nulidade da realización das obras de instalación de liña eléctrica de alimentación ao pavillón polideportivo de Navia, recollidas na fra. nº FR11-00372 pola empresa Antalsis, S.L, co CIF B-15867435.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Antalsis, S.L., por un importe de 78.897,81 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.

3.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Antalsis, S.L. co CIF B-15867435, por importe de 78.897,81 €, consonte coa factura FR11-00372 de data 1/12/2011, con cargo á partida 3410.622.00.07 "Rec. Ext. Cred. Pav. Navia Antalsis", do vixente orzamento, pola realización da instalación de liña eléctrica de alimentación ao pavillón polideportivo en Navia.

- b) Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de ALDASA. Expte. 3517/336.

- c) Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de ALDASA. Expte. 3517/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes emitidos pola técnica da Asesoría Xurídica con data 7 de agosto, e polo interventor xeral con data do 16 de outubro de 2012, de acordo co informe-proposta emitido con data 10 de outubro pola xefa do Servizo de Xuventude coa conformidade da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade da realización das obras recollidas na certificación 16 (final) e do gasto de subministro eléctrico recollido na factura número 158.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de ALDASA SLU por un importe de 143.579,17 e

4.278,01 euros respectivamente, sendo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor de ALDASA SLU por un importe de 143.579,17 e 4.278,01 euros, imputable á aplicación orzamentaria 3370.622.0000 da Área de Xuventude, "REC. EXT. CRED. ALDASA LIQUIDACIÓN LOCAL DE ENSAIO" e á 3370 2210000 "REC. EXTR. CRE. SUBMINISTRO ELEC. ALDASA VI. SONICO" con crédito suficiente para facer fronte as ditas facturas.

d) Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de V2 COMPLEMENTOS AUXILIARES. Expte. 4615/337.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes emitidos polo secretario da Administración Municipal con data 8 de xuño, e polo interventor xeral con data do 3 de outubro de 2012, de acordo co informe-proposta emitido con data 8 de maio polo director do museo Quiñones de León, coa conformidade do Xestión e Promoción Cultural e máis da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe de 15.089,93 € (IVE incluído); a prol da empresa V2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, co CIF A-78601945, pola prestación de servizos de atención ao público extraordinarios no museo municipal e na Pinacoteca no período xullo-novembro 2011; segundo as seguintes facturas:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Concepto	Importe
6530090010	31/07/11	05/08/11	110107102	Pinacoteca xullo	4.311,72 €
6530090843	25/09/11	27/09/11	110124890	xullo	927,13 €
6530090494	31/08/11	09/09/11	110117696	agosto	2.830,17 €
6530091177	30/09/11	11/10/11	110130744	setembro	2.956,48 €
6530091638	31/10/11	15/11/11	110145525	outubro	2.462,77 €
6530091909	30/11/11	14/12/11	110159965	novembro	1.601,66 €
TOTAL					15.089,93 €

2º.- Imputalo á partida 3330.2279910, "R. EXT.C. ATENCIÓN PÚBLICO PINACOTECA-V2" do orzamento municipal do vixente exercicio ano 2012.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

e) Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de VINSAs. Expte. 4609/337.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes emitidos polo secretario da Administración Municipal con data 8 de xuño, e polo interventor xeral con data do 3 de outubro de 2012, de acordo co informe-proposta emitido con data 8 de maio polo director do museo Quiñones de León, coa conformidade do Xestión e Promoción Cultural e máis da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos, por importe de 51.873,53 € (IVE incluído); a prol da empresa VIGILANCIA INTEGRADA, S.A., co CIF A – 78917465, pola prestación de servizos de seguridade extraordinarios no Pazo de Castrelos no período agosto-décembro 2010; segundo as seguintes facturas:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
6500281454	30/09/10	20/10/10	100134099	9.688,51 €
6500281455	30/09/10	20/10/10	100134100	6.308,99 €
6500283115	31/10/10	15/11/10	100145139	10.334,04 €
6500283116	31/10/10	15/11/10	100145137	2.933,39 €
6500284615	30/11/10	14/12/10	100160558	9.809,91 €
6500284616	30/11/10	14/12/10	100160554	1.211,95 €
